

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE BULIMIA E ANOREXIA DA CORUÑA (ABAC) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE COMEDOR TERAPÉUTICO PARA PERSOAS CON TRASTORNOS DA CONDUCTA ALIMENTARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC) formalizaron o 17.12.2024 o convenio arriba referido. Este convenio terá vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a asociación ABAC para o desenvolvemento do programa de comedor terapéutico que se leva a cabo na cidade da Coruña.

A finalidade desta actuación é prestar un servizo de comedor que ofrezca atención continuada a persoas con trastornos da conducta alimentaria, evitando a cronificación da enfermidade e fomentando hábitos de alimentación saudable ás persoas doentes mediante o asesoramento nutricional, terapia ocupacional e grupos de axuda.

As actividades que se desenvolven ao abeiro do programa son as seguintes:

1º. Comedor terapéutico: ofrecendo 4 inxestas ao día (almorzo, media mañá, comida e merenda) con menús confeccionados por persoal experto en nutrición.

2º. Obradoiro de cociña: Obradoiro no que se ensina aos/ás pacientes a elaborar un plan de inxestas para facilitar a súa autonomía personal.

3º. Grupos psicoeducativos con pacientes dirixidos por terapeutas ocupacionais.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo creado pola lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, o cal ten atribuídas competencias específicas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no título VI da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así mesmo, segundo o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á saúde mental e do Servizo de Atención á Saúde Mental e

Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, é a responsable da coordinación da rede de servizos e recursos sociosanitarios vencellados ao coidado e a rehabilitación no trastorno mental grave

O plan de saúde mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024, no seu eixe 4" *Saúde mental na infancia e adolescencia*" sinala a necesidade de implantar programas terapéuticos no medio comunitario para os trastornos mentais asociados ao periodo infanto-xuvenil mediante programas de alta intensidade dirixidos a menores de ata 16 anos con trastornos da aprendizaxe, risco de suicidio e trastornos da alimentación.

Ao abeiro do antedito plan, ao longo do ano 2024 estase a poñer o funcionamento do hospital de día infanto-xuvenil na área sanitaria da Coruña e Cee (área que atende unha poboación pediátrica de máis de 65.000 nenos e que é de referencia para Ferrol e Lugo). Porén o incremento dos trastornos da conducta alimentaria nos últimos anos fai que a capacidade do comedor terapéutico do hospital de día non sexa suficiente para atender a tódolos menores que precisan deste servizo.

A Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (en adiante, ABAC) é a única entidade na comunidade autónoma que conta cun programa de comedor terapéutico que ofrece atención continuada ao longo de toda a xornada, ofrecendo unha intervención intensiva.

Así pois, dada a especificidade das súas características, así como da actividade que desenvolve aquela, non foi posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

O gasto subvencionado a través deste convenio ascende a un total de vinte mil euros (20.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.21, co código de proxecto 2018 00005, consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. Este orzamento provén da asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

